

A IDADE MODERNA



1. En que ano se inicia e acaba a Idade Moderna? Que feito marca cada unha desas datas?

INICIO: ANO

ACONTECEMENTO

FIN: ANO

ACONTECEMENTO

2. **Cales destes acontecementos a finais do século XV marcaron este período?**

A diminución da poboación nas cidades.

O crecemento da poboación nas cidades, que permitiu que estas se convertesen nos lugares nos que se producían os intercambios comerciais.

A creación das monarquías autoritarias.

A visión medieval baseada na fe relixiosa.

Os avances científicos e técnicos que incrementaron a mellora na navegación.

3. **Características da economía da Idade Moderna. Marca as opcións correctas.**

A base da economía na Idade Moderna era o comercio.

A base da economía na Idade Moderna era a agricultura.

Acadaron un maior desenvolvemento tanto a artesanía como o comercio.

En moitas ocasións as secas ou inundacións estragaban as colleitas e o traballo feito polo campesiñado.

4. **Marca 3 consecuencias do descubrimento de América.**

España convertiuse no imperio máis poderoso de Europa.

O novo continente achegou plantas e produtos que daquela eran descoñecidos.

A chegada ao novo continente non supuxo imposición da lingua española nin da relixión católica.

Os españois implantaron, no novo territorio, o idioma castelán e a relixión católica.

A primeira viaxe realizada por Cristovo Colón logrou que os españois conquistasen, en moi pouco tempo, as illas do mar Caribe e o imperio inca.

5. Cos Reis Católicos formouse a primeira monarquía hispánica. Cales destas tarefas se levaron a cabo durante o seu reinado?

Establecemento da Santa Irmandade, a cal vixiaba as rúas e os camiños.

Nomeamento de validos.

Nomeamento de correxidores que eran uns funcionarios que representaban os reis en cada municipio e encargábanse do correcto funcionamento das leis.

Creación do Santo Tribunal da Inquisición para velar polo cumprimento dos principios e valores cristiáns.

6. Ordena por orde cronolóxica aos seguintes monarcas:

Felipe III	Felipe IV	Carlos II	Carlos I	Felipe II

7. A que dinastía pertencen? Dinastía dos

8. Ordena por orde cronolóxica aos seguintes monarcas:

Fernando VI	Carlos IV	Felipe V	Carlos III

9. A que dinastía pertencen? Dinastía dos

10. O Renacemento e o Barroco son dúas correntes que marcaron o Século de Ouro Español. Das seguintes opcións, cales son verdadeiras?

- O Renacemento e o Barroco teñen orixe en Italia.
- O Barroco desenvolveuse no Século XVI e o Renacemento no Século XVII.
- O Renacemento inspírase nas obras gregas e romanas.
- Na arquitectura do Renacemento prevalecen as liñas curvas.
- Na arquitectura Barroca coidábanse máis os adornos das fachadas.
- Na pintura renacentista buscábase o ideal do corpo humano, a simetría, a harmonía e transmitir tranquilidade.
- Nas seguintes fotografías, a n.º 1 representa o Barroco e a n.º 2 o Renacemento

